



## Boletín Oficial Informativo

"Canto máis pensamos no porvir da nosa Terra, máis nos convencemos da necesidade urxente de unirmos todol-os galegos de boa vontade". CASTELAO

Xunio 1963

Redacción: Belgrano 2186 - Capital

### AICION E PROPOSITOS

Nos tempos que corren, cando xa nin os homes nin os povos se contentan con ollar para as estrelas, senón que vai deixando de ser unha utopía o cobizado voo dos espazos sidercees, nòn se concibe aitividade de ningunha natureza sin o apoio dise pregoeiro formidabel representado pol-a prensa.

Toda aición política, cultural, patriótica ou de calquer cras que sexa, ten de eispoñer as súas ideas, comunícar seus pensamentos e informar dos seus propósitos por meio da verba levada á imprensa, ou resiñarse a vivir na escuridá para logo morrer sin pena nin gloria. Denantes podían escollerse os vieiros; oxe non é posibel camiñar d'outro xeixo. O Consello de Galiza, por suposto, non podía fuxir disa lei inexorable. Por iso estamos eiquí, no rúa i-a lus do día, levando pol-o mundo adiante o amor a Galiza como bandeira santa, a libertade da nosa Terra i-a felicidade do noso povo cal supremo ideial coletivo irrenunciabel.

O Consello de Galiza, fundado por Castelao i outros deputados galegos en Montevideo fai dezasete anos, desenrolou unha aición permanente e meritoria d'acordo coas circunstancias; mais, era necesaria unha ampliación. Agora, despóis da reorganización levada a cabo fai dous anos, se eistendéu con xenerosa ampritude a súa base popular e se lle imprimiu un novo xeito político de aituvar, adquirindo o organismo unha máis cabal representación e tamén chea de obrigas que xa non nos será dado esquecer. O Consello non é, por eisi decil-o, un pechado centro reutor, senón un Fideicomisariato do povo galego namentras que ise povo s'alcontre privado de manifestarse con enteira libertade. Por iso ten, ainda máis que calisquera, o sagro deber de saír á palestra i espallar a

### O centralismo, fracaso histórico

Si o réxime falanxista non houbera dado mostrar do seu total fracaso en lles procurar solución os graves problemas que sofren os pobos ibéricos, abondaría pra demostralo, o decrarado intento derradeiramente anunciado de dividir a Galiza en dous sectores económicos, en virtude do cal as provincias de Ourense e Lugo pasarían a depender de Valladolid, capital dun chamado "polo económico", que tería de abranguer ademáis, as cinco provincias que compoñen o antigo Reino de León.

Compre destacar, que si as autoridades falanxistas pensaron por en práctica tan desaxeitada e asurda división, non-o fan polo desexo de favorecer as provincias involucradas, nin tampouco por desconocimento das suas verdadeiras necesidades económica-sociaes, xa que o mesma Caudillo, en decraraciones publicadas a todo tidua no xornal "La Voz de Galicia" fai algun tempo, reconosceu que o País galego ten mester dunha eistructura propia, pra poder cccadar un axeitado desenrolo das suas posibilidades, e mañifestacions semellantes foron feitas pola Conselleiro Nacional e Presidente do I.N.I., señor José Antonio Suances, en ocasión dos aitos comemorativos da fundación das Falanxes de Galiza, celebrados en Vilagarcía os días 17 e 18 de marzal do ano derradeiro.

A división que nos ocupa, obedece á intención de decapitar o País galego no vao desexo de impedir que o sentimento de patria que cada día se perfila con mais nidia concencia no ánimo do noso povo, alcance os ouxetivos de o liberar da tiranía centralista, a que con tal proieto está pondo craramente de releu a sua impotencia pra deter o avance do reloj da historia, no que está próximo a sonar, a hora das libertades de Galiza. Fracaso e impotencia, non cutra cousa está demostrando o centralismo, o pensar en dividir a Galiza. Tan extrema resolución, pode ou non pode concretarse, mais de nada servirá pra deter os anceios de liberdade do noso País, cuías xentes, aínda as que deica agora se amostraban indifrentes polos nosos problemas, reaxen con tan carraxenta indiñación, que nos da a seguranza da perennidade da nosa Terra como patria dun povo, que, coscente ou incoscentemente, sinte por ela unha mística e telúrica unción.

berros todo aquilo que os nosos irmáns na Terra, aferrollados pol-o feixismo, pensan, sinten e non poden sin risco decir. Estaremos, pais, cos lectores tan a miudo e con tanta regularidade como se poida, até nos queden alento galego e sentimento patriótico, ver-



tudes tan inmorrentes coma a ialma e firmes cal o cerne varil da nosa raza.

Percuraremos que a acción a desenrolar sexa o máis eficaz posibel dentro da maior modestia. Escribiremos curto para acadar aspeitos múltiples. Será iste un pregoeiro áxil. Coidaremos tamén de que a fondura dos problemas a tratar non chegue a escurecer a humanidade que non impoñemos por guieiro, nin perdamos por sobra de enxundia a parte de ameneidade que todo leitor moderno eisixe.

Para que ninguén se trabuque, procreamos, aos catro ventos que combatiremos sin desmaios ó franquismo, que somos nemigos decrarados da guerra e da total-as tiranías, calisquera sexan seus matices i-o latitude onde xermolen. Aituaremos sin xenreiras personaes nin coleitivas e sin desbotar a ningún que desexe traballar a prol da liberdade de Galiza;

sumando e non restando vontades i en irmandade cos demais povos da Hespaña. Quede ista ben en craro.

Resumindo: somos primordialmente galegos, pero republicanos e demócratas d-unha peza; con precípios de universalidade tanto máis efectivos canto máis puro e fidel se mostre a nosa eisenza galega. Traballaremos por e para a nosa Patria, sin refugar do pasado hestórico, pero vivindo no presente, cara ó luminoso sol da libradade con xusticia, da verdade sin craudicaciós.

Ises son os nosos propósitos. Iste será o noso programa de acción i-o noso norte. Para leval-os adiante, contamos co alento i-o garimo endexamáis desmentidos de todol-os patriotas **bós e xenerosos**.

¡Saúde, irmáns galegos! ¡Terra a nosal!

**O Consello de Galiza.**

## CONSELLEIROS

D. ANTON ALONSO RIOS  
Dr. RAMON SUAREZ PICALLO  
D. MANUEL MARTINEZ LAMELA  
D. DANIEL CALZADO POCEIRO  
Dr. ALBERTO VILANOVA  
Dr. ANTON FIZ FERNANDEZ

D. BIEITO CUPEIRO  
D. MANUEL PAZOS  
D. UXIO GARCIA  
D. SANTIAGO SUAREZ  
D. ANTON ALONSO PEREZ

## COMISION DA FACENDA

D. Claudio Fernández  
D. Alfredo Magdalena  
D. Miguel García Anserans

D. Manuel Pazos  
D. Anton Rodríguez  
D. Uxío García

D. Luis Fuentes  
D. Santiago Suárez  
D. Severino Iglesias

## COMISION DE CULTURA

D. Avelino Días  
Ing. Santiago Moledo

D. Alfonso Gayoso Frías  
Dr. Alfonso Días Trigo

D. Manuel Pedreira  
Dr. Alberto Vilanova

## COMISION DE RELACIONS

Dr. Antón Fiz Fernández  
D. Manuel Ucha  
D. Daniel Calzado

D. Bieito Cupeiro  
D. Denis González Tizado  
D. Manuel Martínez Lamela

D. Segundo Pampillón

## XUNTA CONSULTIVA

D. Delmiro Morenza  
D. Cándido Rey  
D. Daniel Calzado  
D. Moisés Depresa  
D. Manuel Fernández López  
D. Manuel Pedreira  
D. Severino Iglesias  
D. Valeriano Saco

D. Bieito Cupeiro  
D. Ricardo Flores  
D. Uxío García  
D. Anton Díaz  
D. Manuel Folla  
Do Vicente Velasco  
D. Alfonso Reboveda  
D. Manuel Alonso Rodríguez

D. Eduardo Sánchez Millares  
D. Alfonso Fernández Prol  
D. Luis Guede  
D. Souto Corbelle  
D. Ricardo Montero Trillo  
D. Anton Gómez  
D. Anton Represas

## COMISION FISCAL

D. Anton Vázquez

D. Rogelio Abades

D. Antolín Dios

# GALIZA ECONOMICA

Por consideralo de sumo intrín, reproducimos a seguido algunhas estadísticas e as correspondentes consideracións publicadas polo Informe Anual do Banco da Coruña do ano 1961, tocantes a algúns aspectos do quefacer económico do País galego. Por costituir en certo xeito un alegato contra o centralismo coutador da vitalidade do noso povo, co cal coincidimos pleamente, limitámonos a reproducilo no idioma crixinal.

## Rentas regionales por habitante y porcentaje de la población activa agrícola, en la industria y los servicios

REGIONES	RENTA POR HABITANTE	Tanto por % de la población activa agrícola	Tanto por % de la población activa en la industria y servicios
CANTABRICA ..	23.312	23,79	76,21
NORDESTE ....	21.107	15,68	84,32
CENTRAL .....	18.772	31,27	68,83
ALTO EBRO ...	18.669	46,73	53,27
MEDIO EBRO ..	15.070	51,11	48,89
LEVANTE .....	13.170	48,86	51,14
DUERO .....	13.019	54,50	45,50
CANARIAS ....	11.540	63,20	36,80
<b>GALICIA .....</b>	<b>11.094</b>	<b>66,74</b>	<b>33,26</b>
ANDALUCIA ...	10.801	58,33	41,67
SUDESTE .....	10.286	59,98	40,02
EXTREMADURA .	9.768	72,14	27,86

Pero ahondando más en estas deficiencias estructurales, conviene destacar que Galicia mantiene sobre su agro el 13 % de la población agrícola activa española, y obtiene únicamente el 9,7 % de la renta agrícola del país. Esto quiere decir que se aprecia una falta de correlación entre el por ciento de la población activa agrícola y sus rendimientos.

Galicia, a pesar de lograr en sus campos porcentajes tan elevados como el 37 % del maíz español, el 39 % del centeno, el 33 % de las alubias, el 24 % de las patatas, el 26 % de las cortas de madera, y de poseer el 28 % del censo del ganado vacuno de la península, obtiene una baja rentabilidad por hombre de su agricultura, lo cual es debido no sólo al 66,74 % que supone su población activa agrícola, sino también al hecho de que su población campesina alcanza al 80 % del censo total de Galicia.

El modestísimo nivel de vida de los campesinos gallegos a pesar de los altos porcentajes que obtiene Galicia en las producciones antes señaladas, pone de manifiesto asimismo, la pobreza de los resultados de la economía española en cultivos de tanta importancia como el maíz, las patatas, las alubias y el censo de ganado vacuno, de los que en una extensión del 5,78 % del territorio nacional, se obtiene más de la tercera parte del producto español en unos, y se llega a superar la cuarta parte en otros, pero sin que tales resultados alcancen para sostener con el mínimo el 13 % de la población activa agrícola de España, en la que se convierte el 66,74 % de la población activa agrícola de Galicia.

El cuadro siguiente nos da idea de la diferencia existente entre los por cientos de la población agrícola activa y lo que tal población aporta al producto nacional agrícola de cada uno de los países. Las mínimas diferencias presuponen una agricultura progresiva con rendimientos óptimos y las diferencias máximas ponen al descubierto elevados porcentajes de población agrícola activa y mínima participación de esta exagerada población en el producto social de cada país.

# Dixo Castela

Galiza é unha auténtica nacionalidade. Ten un idioma propio, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués, cultivado literariamente cando a língoa de Castela anda a gatas; ten un territorio delimitado naturalmente, de formas doces i entranas duras, que foi unha illa de pedra cando Hespaña xacía no fondo dos mares formativos; ten problemas peculiares de tan rara orixinalidade que sempre ficaron ó marxe das leis liberais de Hespaña e das arrepiantes preocupacións do mundo capitalista; ten unha cultura autóctona, manifestada en arte e sabiduría popular tan insulares como foi a nosa Terra nos tempos xeolóxicos; ten predisposicións psicolóxicas que nos fixeron inasimilables á cultura e o dereito de Castela coma os breñóns na Franza e os escoceses na Inglaterra; ten, si quixéramos —que non queremos— características diferencias de raza, pois somos predominantemente celtas. Galiza, pois, e unha nacionalidade hispana, tan respetable como Castela, e todos seus atributos son igoalmente diños de respecto.

## DESTERRO...

Cando Fernando de Aragón e Isabela de Castela lograron, valéndose das xenxeiras eixestentes entre o pobo a irefa e nobreza, someter a Galiza á sua lei i-á sua forza, ordearon que todolos nobles galegos, a clás que naquela época asumira caraiter representativo en todolos países, se trasladaran á Corte. Dise xeito, a raíña astuta e dominadora lograba dous importantes oxetivos: por unha banda deixar ó noso chán carente da clás que podía erguer a bandeira das suas reivindicacións e pola outra, aproveitar as sendas da devandita nobreza en beneficio das suas terras e das suas ambicións.

Eixcluído dista obriga o Conde de Altamira, en virtude da sua idade i-estado de saúde, recibeu certo día a visita dun frade, con quen, posto a falar tocante a dominación que as ostes casteláns lle impoñían a Galiza; o Conde comentou: "Irse han os hospedes frade, e nos comeremolo polo". O frade, facendo honor ó papel de istrumento da dominación allea que tivo a irexa na nosa Patria, foise á Corte coa novidade i-o Conde de Altamira tivo que deixar o seu país i-a sua herdade e marchar co resto da nobreza galega a un desterro que, por excesivamente egoísta, ambiciosa e falta de senso patriótico, supo merescer.

## Diferencias existentes entre los porcentajes de población agrícola activa y del producto nacional en diferentes países y en Galicia

PAISES	Porcentaje total de la población activa agrícola	Porcentaje del producto nacional procedente de la Agricultura	Diferencia entre ambos porcentajes
GRAN BRETAÑA	7	5	2
DINAMARCA ...	24	21	3
ALEMANIA OCCIDENTAL ...	14	10	4
BELGICA .....	13	8	5
FRANCIA .....	26	16	10
GRECIA .....	49	36	13
ESPAÑA .....	40	26	14
PORTUGAL ....	52	30	18
<b>GALICIA .....</b>	<b>66</b>	<b>33</b>	<b>33</b>

# O PLEBISCITO DO 1936

## FITO HISTORICO

O 28 de xunio de 1936, tivo lugar o acontecer político mais transcendente da Historia do noso País. Ise día plebiscitouse o Estatuto de Autonomía de Galiza, que se ben non enchía as nosas aspiracións, sirveunos pra pulsar a vontade autodeterminista da nosa Patria, e sinala un fito no noso proceso histórico, posto que, os 993.351 votos a favor do Estatuto i-os apenas 6.000 en contra, dan a crara medida de que o noso povo fica convencido de que a aita de casamento de Fernando de Aragón e Isabela ne Castala, que orixinou a unión nos reinos peninsuares, máis que unha aita de casamento, foi a aita de defunción da grandeza ibérica, pois dahí arrincan os séculos de fracasos, de miseria e frustración que caracterizan o Estado Español.

Galiza aprobou o seu Estatuto o 28 de xunio de 1936, convencida de que nada compre agardar de ninguén, senón de nos mesmos. Temos todo canto é, mester pra ser un dos povos mais cultos e ricos de Europa. Temos unha Historia, cujos alicerces afincanse nos mais loxanos ourixens. Unha fala i-unha cultura, que foron xérmolo fecundador dos dous mais importantes ciclos culturais da península. Unhos montes e-unhas veigas, onde a natureza puxo a máis requintada fartura. Unhas costas i-uns mares, onde se dan todolos bens das máis esquisitas especies ieticalas. En fin, unha xeografía i-un clima envexabels, i-onde mora unha raza forte e baruda. Porqué pois, ficamos mergullados na rutina, no atraso e na escravitude? Por unha razón moi sinxela, crara e concreta; tan sinxela, crara e concreta, que emporiso non todos se decatan dela. Porque non somos donos da nosa propia Terra, da noso propio destino. Eis ahí o curixen de todolos nosos males. Cal é pois o noso deber de galegos orgullosos da nosa raza, amantes da nosa Patria? Loitar polos seus dereitos, polas suas liberdades, pola sua redención; darlle á nosa vida unha misión i-unha fé; a misión de aicionar sin acougo pra facer de Galiza a Patria dos galegos, i-a fé nos máxicos destiños dos fillos de Breogán.

## A CARA E CRUS

A pesares de haberse creado derradeiramente na Universidade de Compostela unha Sección de Filoloxía Románica, que terá ó seu cárrego o estudo da nosa lingua vernácula, e de quererse presentar tal acontecer como demostración de que o réxime falanxista non persigue o uso da nosa fala, a realidade é moi outra.

Ademais de estar tácitamente prohibido escribir en galego mais que un pequeno porcentaxe de libros, e algún artigo en revistas e xornaes, sempre ademais que sexan de carater intrascendente, as autoridades do réxime non perden oportunidade de amosar sua oposición ó cultivo do idioma de noso País, como o demostran que nos xogos froaes que todolos anos se celebran na cidade de Ourense, onde sempre foron presentados traballos en galego, foran tales traballos totalmente prohibidos nos xogos do corrente ano.

Istas son cousas moi típicas de Hespaña.

Que nós sepamos, non existe ningunha lei que prohiba o cultivo da nosa lingua mais abonda a orde verbal de calisquera mandón empoleirado, pra que se non use, e haber quen se atreve a desobedecer nun país onde ser culto é un delito que moitos pagaron coa propia vida.

## Entrevista con Rodolfo Llopis

Ao seu paso por Bós Aires, tivemos acasión de saúdar á profesor Rodolfo Llopis. Tivo eiquí entrevistas cos repubricanos hespañoles, con vascos e cataláns, aos efectos de intercambiar opinións respecto do futuro da patria; nise mesmo senso, tamén cos galegos, tendo unha entrevista co Consello de Galiza en pleo.

Fixéronse nisa ocasión diversas consideracións encol dos vieiros máis aceptables para chegar á solución do problema de Hespaña, respetando, sobor todo, a vontade i-a decisión do povo. Mañifestou o profesor Llopis que se están reaizando do importantes xestións con isas finalidades.

Nós fixémoslle presente ao profesor Llopis cales son as nosas aspiracións, mínimas e irrenunciabres: autonomía de Galiza dentro d-unha República Federal, co coal il en principio estivo moi d'acordo. Co auxeto de interiorizalo ainda máis do problema galego i ao fin de que teña unha cabal información do mesmo, o Consello de Galiza dedicou un exemplar do libro de Castela "Sempre en Galiza", que agradeceu sinceramente, y a seu pedido mandámoslle poucos días despóis a Franza algunas "Estampas" do noso Mestre e tamén un exemplar do libro de Antón Alonso Ríos "A cultura galega na sua dimension american".

A entrevista co esgrevio político hespañol foi mai cordial e coidamos que tamén outamente proveitosa para a causa da nosa Terra.

## MARIA CASARES

A representación de "Yerma" por María Casares no teatro "San Martín" dista cidade, baixo a dirección de Margarita Xirgu, resultou un acontecemento artístico de primeira categoría. O drama do inmorrente Federico García Lorca, sobor do que xa se fixo ampria e fonda crítica, tivo na nosa paisana unha fidel intérprete, aspecto que foi recoñecido con unanimidade pouco común pol-a prensa, os críticos i-os que tivemos a sorte de asistir á representación do drama lorquiano.

O Consello de Galiza mandoulle á distinta aitriz o día do estreno un ramo de froes naturaes e concurriron á función a maoría dos seus membros. Despóis estivemos a saúdal-a no seu camarino, ocasión en que a singular artista aproveitou para agradecernos, moi emocioada, "o garimo con que seus queridos paisanos a trataban" —foron súas verbas.

Dista aituación de María Casares en Bós Aires quedará sin dúbida unha lembranza leda por moito tempo. Nós, felicitamos de todo corazón a ista esgrevia paisana e lle testemuñamos o recoñecemento do Consello de Galiza por haber contribuído co seu arte á diñificación do sagro nome da Patria.

## IRMANS:

Iste boletín informativo ten a pretensión i-a esperanza de que a de contribuir co a sua acción a union dos galegos todos pra conquistar axiña a liberdade da nosa terra.

**O CONSELLO DE GALIZA ADHIRE O DIA DAS LETRAS GALEGAS E RENDE DE TAL XEITO SEU HOMAXE A ESGREVIA ROSALIA**